

# XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, CANONIZADOR E INVESTIGADOR DA LITERATURA GALEGA

Xosé Ramón Pena

Por decisión dos membros da Real Academia Galega, naquela altura presidida por D. Francisco Fernández del Riego, o homenaxeado con motivo da celebración anual das Letras Galegas en maio de 1998 non foi un único autor, como viña sendo, e é aínda, norma habitual, senón tres: Meendinho, Johán de Cangas e Martín Codax, todos eles vinculados co mar de Vigo, foron as figuras seleccionadas nese momento. Sen dúbida, con eles, e desde eles, o que se buscou foi render unha tan necesaria como oportuna estima, xeira en relación coa obra concreta dos tres xograres-trobadores xeira tamén referida ao conxunto desoutros que o conforman acercado lirismo medieval galego-portugués: máis de dúas mil composicións, xa de carácter profano –a maioría das mesmas– xa dedicadas á figura da Virxe María, e que chegan onda nós desde a autoría de cento sesenta e un poetas de nome coñecido.

Naquel ano de 1998, quen lles está a falar agora, recibiu o encargo, por parte de Edicións Xerais de Galicia, de levar a cabo determinados labores en relación cos poetas do mar de Vigo, e que constituían o obxecto da conmemoración das nosas Letras. Entre esas gratas tarefas que me foron encomendadas, unha delas veu destacar axiña de maneira singular: tratábase de volvermos editar –sinalando os criterios precisos de tal edición, engadindo as correspondentes notas a pé de páxina, fixando os textos...– un traballo que xa vira a luz con anterioridade: para sermos exactos, trinta e seis anos atrás; isto é en 1962, cando, a través dun volume presentado polas Publicacións da Asociación da Prensa viguesa, fora tirado do prelo dentro da colección “Mar de Vigo”. Semellante texto non vén ser outro que o que leva por título *Martín Codax, Cantor del Mar de Vigo*, e que fora redactado catro anos antes –ao tempo que premiado no certame “Álvarez García”– por D. Xosé María Álvarez Blázquez.

Non foi esa a única ocasión, porén, en que tiven a honra de ser convidado a participar en traballos que entrasen en relación co quefacer de D. Xosé María. Por unha amábel decisión dos seus fillos, no seu día fóronme confiadas algunhas carpetas da súa propiedade a conteren materiais inéditos, especialmente textos en forma de diálogos, parrafeos... procedentes da primeira metade do século XIX, e coa intención de que eu os fose dando a coñecer oportunamente: algo que, na medida das miñas cativas posibilidades si fun amosando á luz pública ao longo dos anos 90 do pasado século.

Mais non se trata, evidentemente, de vir falar aquí e agora dese labor meu, senón da presenza de Xosé María Álvarez Blázquez como canonizador e investigador da nosa literatura, aínda que sexa coa brevidade que a ocasión impón.

Pois ben; ao meu ver, son precisamente as páxinas dese volume que lles estaba a comentar, *Martín Codax, Cantor del Mar de Vigo, –Martín Codax, Cantor do Mar de Vigo,* xa na noso idioma (1998)– as que configuran unha mostra viva, un exemplo realmente paradigmático para podermos percibir con toda nitidez o esforzo de Xosé María Álvarez Blázquez no traballo da investigación –histórica, arqueolóxica e, desde logo, literaria– asemade que no desenvolvemento dunha perspectiva canónica para unha etapa esencial das nosas letras como é o Medioevo.

Iníciase aquel texto redactado en 1958, e publicado por vez primeira en 1962, cun breve limiar no cal Álvarez Blázquez non deixa de anotar a fortuna que lle cabe á cidade de Vigo –e que un ten a dúbida, ás veces, de que sexa apreciada como lle còmpre– de contar co privilexio de ser cantada de maneira tan fermosa como o fixera Martín Codax hai setecentos anos. Pois ben; xustamente, unha escintilante viaxe a esa etapa histórica é o que imos atopar decontado de parte de D. Xosé María, quen nos conduce a través da paisaxe da bisbarra viguesa no século XIII: un tempo e un espazo nos que sitúa a infancia e mais a mocidade do trobador:

Vigo naceu nun castro, como tantas vilas galegas, pero aquel destino de orde estática habería de ser efemero, como truncado por secretas forzas vitais, que tamén os pobos –como os homes– rexen, con ineludíbel fatalidade (Álvarez Blázquez 1998: 13)

Nas palabras, na análise que leva adiante Álvarez Blázquez ao longo das páxinas dedicadas a presentar diante dos ollos dos lectores do século XX a imaxe do Vigo medieval, vimos considerar algo que non por coñecido –e, desde logo, subliñado arreo, e con razón, por parte de todos os que estudaron o seu legado– é preciso, non obstante, reiterarmos máis unha vez. Dito coas palabras de Darío Xohán Cabana, procedentes do seu excelente estudo sobre a *Vida e Obra* de quen estamos a falar:

Xosé María era un erudito, pero era tamén un poeta e un galeguista apaixonado; o que el quería era presentar diante dos ollos abraizados da nación unha poesía vella de sete séculos que conservaba o poder de conmoer e de seducir con emocións sentimentais e estéticas (Cabana 2008: 121)

Escribe palabras certas Cabana. Nese capítulo titulado “Vigo no século XIII” observamos, certamente, os saberes rigorosos do arqueólogo, a escrupulosidade do historiador. Desde as primeiras noticias procedentes da xeira romana, X. M.<sup>a</sup> Álvarez Blázquez condúcenos con man mestra e segura até mediados do século XIII, cando a futura cidade non viña ser máis que unha vila semi-clausurada a procurar unha sorte de acubillo arredor da igrexa de Santa María. O amplo arco costeiro que vai desde o Berbés deica ao Areal, para dar coa colindante freguesía de Santiago de Vigo, é descrito con puntual precisión nas liñas que seguen así como é descrito tamén con precisión o templo no adro do cal bailaríaa a súa danza sensual e feliz a amiga das cantigas de Codax.

Mais se tal devén dese xeito, comprobamos aínda que, á canda do historiador, camiña sempre a paixón, a forza imaxinativa do literato:

Martín Codax tería contemplado esta fermosa imaxe –refírese D. Xosé María a unha talla en mármore de Cristo, gardada no Museo Arqueolóxico Nacional– nos anos da súa infancia e mocidade, e aínda tocado coas súas sensíbeis mans de tanxedor as dobras harmoniosas daqueles roupaxes, como chamas, que parecen elevarse cara ao rostro sereno do Señor. (Álvarez Blázquez 1998: 16)

En fin, de certo, que a erudición e a voz do poeta van da man e de certo que dialogan, en fermosa parola, con esoutros versos xurdidos nas beiras do areal:

Mia irmana fremosa, treides comigo  
a la igreja de Vigo u é o mar salido.  
E miraremos las ondas!

Pero se proseguimos na nosa pequena andaina nos vieiros de *Martín Codax*, *Cantor do Mar de Vigo*, veremos que o novo capítulo que agora principia titúlase “O home e o nome”. Nin que dicir ten, tal epígrafe fai relación ao que podemos de veras coñecer –realmente, aínda hoxe e a pesar de todos os esforzos, non moito– arredor das circunstancias vitais e tamén do apelido –ou alcume– Códax ou Codax.

Alguén observará que, desde esoutros coñecementos actuais arredor non só da lírica codaciana, senón aínda en relación ao conxunto do noso lirismo medieval, é verdade que podemos discrepar aquí e acolá, que podemos anotar isto ou aqueloutro, matizarmos, subliñarmos... determinadas apreciacións de Álvarez Blázquez; e, desde logo, tamén podemos levar adiante unha lectura que parece máis fiábel das cantigas compostas polo xograr-trobador do mar vigués. Porén, o que sorprende, o que abraia de veras, é comprobarmos como por volta de 1962 –é dicir, cando estamos no medio e medio da inacabábel *longa noite de pedra*–, nunha cronoloxía na cal non tiña outra opción máis que pandar con todos os atrancos e dificultades, mentres desde as institucións oficiais non se proxectaba moitas –demasiadas!!– veces outra cousa que non fose a ignorancia, o desprezo e/ou a hostilidade cara á lingua e a cultura galegas... cando tal era o panorama que xurdía arredor, D. Xosé María non deixa de citar en todo momento, non deixa de comentar, de analizar –e, ademais, amosando acerto no labor– o que naquela xeira conformaba a bibliografía máis avanzada arredor do noso lirismo medieval. E é que acontece que nas liñas da súa obra, Álvarez Blázquez cita desde logo a Armando Cotarelo Valledor e tamén a Dna. Carolina Michaëlis de Vansconcelos –concretamente o traballo da gran filóloga titulado “A propósito de Martim Codax e das suas cantigas de amor” publicado na *Revista de Filología Española*, 11, 1915–; pero é que igualmente fai unha exacta referencia doutros títulos moi próximos no tempo: velaí, xa que logo, o *Cancioneiro de Martin Codax*, de Celso Ferreira da Cunha, publicado no Río de Xaneiro en 1956

ou aínda o artigo de Silvio Pellegrini “Ancora sul nome di Martin Codax” aparecido nos *Studi mediolatini e vulgari*, tomo II, 1954.

Mostrar tan decidida atención pola obra de Martín Codax, en particular, e pola literatura medieval galega, “in partibus infidelium” –e tal era, de veras, o país que habitaba naquela altura cronolóxica–; facelo, ademais, amosando un coñecemento directo e puntual daquilo que a filoloxía moderna estaba a fornecer..., penso que vén constituír de veras toda unha auténtica demostración: desde logo, dos saberes, da erudición de D. Xosé María, pero tamén do seu espírito aberto, da capacidade da ilusión que lle daba alento, das altas miras dun intelectual de ben e, como non, do ánimo patriótico –familia e patria, aqueles dous amores que xa declarara o patriarca Murguía– que sempre inspirou a Álvarez Blázquez no seu roteiro vital. E talvez é certo que “verba volent”. Pero non é menos –por seguirmos o adaxio clásico– que, fronte a iso, “scripta manent”. Permanecer, si que permanecen as liñas de *Martín Codax, Cantor do Mar de Vigo* no tempo, redactadas como foron con xusteza e teimoso afecto: tal e como permanecen outras moitas coas que nos agasallou D. Xosé María para exemplo humano, vivencia de galeguismo e memoria fiel do noso pasado.

...No coidado verxel triunfan arreo as plantas ventureiras, que a man do pobo sementou e alí agromaron silandeiramente deica abrochar en acios de farturentos froitos. Non podemos negar que foi nesta seara de florecer popular onde nós quixemos facer o mellor da colleita, pois é cousa sabida que alí están as esencia líricas da terra, cuxa seiva preciosa asómase ao mundo da poesía nos beizos da amiga que canta, tal que se fosen pétalas vermellas da vella roseira tradicional. (Álvarez Blázquez 1959: 7)

Evidentemente, as palabras que vimos de reproducir están tiradas do prólogo da *Escolma de poesía galega I. Escola medieval galego-portuguesa*, publicada pola Editorial Galaxia en 1952 e logo revisada e ampliada na *Escolma da poesía medieval*, da colección “Pombal”, da editorial Castrelos en 1975.

Desde logo, para todos aqueles que nos iniciamos no coñecemento do noso lirismo trobadoresco nos anos 70, a *Escolma* de D. Xosé María Álvarez Blázquez conforma algo máis que un simple libro, que unha ferramenta de traballo coa que demos os primeiros pasos entre as *cobras* de Pero da Ponte, Fernando Esquíu, Pedro Amigo de Sevilha ou Johán García de Guilhade, xa na aulas universitarias xa aínda nos círculos político-culturais ou culturais-políticos, todos aqueles, entón, rapaces e rapazas que nos queríamos comprometer dalgún xeito coa nosa nación.

Alguén con moita maior autoridade ca min comentábao nos pasados días nun fermoso e oportuno artigo de xornal. Maior en idade que quen lles fala, X. L. Méndez Ferrín viña sinalar algo que comparte, porén, coa miña xeración: e é que foi, en efecto, por culpa –por feliz culpa– de Xosé María Álvarez Blázquez –e, todo cómpre dicilo, de quen nos recomendou a súa obra; no meu caso, os profesores e logo amigos Ricardo Carballo Calero e Xosé Luís Couceiro– ter traspasado as portas dun mundo máxico do que xa

nunca máis saín, nin quero saír: ese país chamado lirismo trobadoresco galego-portugués que nunca cansan os ollos de contemplar nin os pés de transitar.

De novo, como acontecía con *Martín Codax*, *Cantor do Mar de Vigo*, haberá acaso quen sinale que a escolla de textos obedece a criterios controvertíbeis e/ou froito da circunstancia histórica: tal é o caso, por exemplo, desa especial querenza polas cantigas de amigo –consideradas como representantes xenuínas dunha suposta tradición autóctona fronte a esoutra “importada” dos cantares de amor, algo discutíbel e discutido coa perspectiva de hoxe– ou tamén da ausencia de determinadas tendencias, certas temáticas da cantiga de escarnio e maldicir, en todo caso dificilmente compatíbeis –para alén do propio xuízo moral de D. Xosé María– cos criterios da censura imperante.

Mais aínda así, admitíndomos mesmo tales apreciacións, novamente sorprende, realmente abraia que xa fose en 1952, ou aínda en 1975 –e convén lembrar sempre as datas da historia, dado que ás veces ben pode semellar que aquilo que apenas vive entre nós desde hai moi pouco tempo sexa considerado como algo que vén de forma gratuíta, que se manifesta perenne–, causa verdadeira admiración que nesa cronoloxía Xosé María Álvarez Blázquez levase adiante, con rigor e con paixón galeguista, un proxecto de tal calidade que, nin por asomo, procedía desoutro lugar onde supostamente debería residir o espírito investigativo e científico: isto é, a universidade.

As acertadas Introducións a cada un dos poetas elixidos, a calidade dos textos antologados, o breve –pero ben organizado– glosario, a información bibliográfica... por dicilo de vez: como foi quen D. Xosé María de nos ofrecer, de nos legar semellante agasalho? De certo que tan só no celme do bo lector, do apreciador certo dos exquisitos praceres da palabra, pero tamén no afán de servizo a un país e mais a unha cultura pode radicar, pode caber un labor de tal signo e entendidade como o que Xosé María Álvarez Blázquez manifesta nas páxinas que estamos agora a analizar.

Nin que dicir ten, todo o que vimos de sinalar para a *Escolma medieval* ten doada aplicación no caso desoutro magnífico esforzo que configura o tomo II da Antoloxía editada por Galaxia e que leva por título *A poesía dos séculos XIV a XIX*, por máis que sexa habitualmente coñecida como “A Escolma dos Séculos Escuros”.

Trescentas páxinas de versos: velaí o que D. Xosé María viña ofrecer para un tempo no que se consideraba –e aínda hai quen considere, e de aí o rótulo de “escuros”: un etiquetado realmente efectivo, se xulgamos polo éxito acadado, pero que acaso non sempre veña ser axustado– que as nosas letras enmudeceran por completo. “Os derradeiros trobadores”, “Cantigas paralelísticas e vilacentes anónimos”, “Os vilancicos de Nadal e Reis”, “Poesía anónima e de circunstancias”, “Os poetas académicos”: eis as diferentes epígrafes que compoñen a escolma. Unha Escolma que, digámolo de vez, non foi aínda superada nos nosos días: nin na cantidade nin, evidentemente, na calidade.

O labor dos poetas eruditos galegos, escolares e homes de letras, que escribiron desde pormediado o século XV aos comezos do XIX, teríase perdido na meirande parte por-

que apenas foi impresa. Mais a tal perda compénsase dabondo: é, precisamente, nesta longa xeira de silencio académico cando agroma, frutifica e madurece o pomar deleitoso, longal e fresqueiro, da poesía popular galega. É o tempo dos vellos romances, belidos e saudosos, como un falar de namorada; é o tempo das cantigas, coas súas infinidas motivacións e formas, coa súa milagreira sinxeleza; é o tempo dos contos, das adiñas, dos refráns... (Álvarez Blázquez 1959: 8)

Dixemos antes –e tamén o subliña Darío Xohán Cabana no seu traballo ao que xa fixemos alusión– que a fórmula “séculos escuros” non semella cadrar adecuadamente co pensamento de D. Xosé María e, desde logo se volvemos ler o contido de liñas como as anteriores, tal parece que así sexa, admirador como foi Álvarez Blázquez, por riba de todo, do xenio creativo popular –ou, acaso, digamos nós, popularizante. De todos os xeitos, cando as últimas achegas ao que se viña denominando como “decadencia”, “escola galego-castelán”... significan que o final do lirismo trobadoresco non se produciu por ningunha sorte de repentina ruptura, por mor dun único feito de fatais consecuencias... cando observamos tal, temos de retornar ao “Limiar” deste volume II da *Escolma de Poesía Galega* e reparar en treitos como:

Mais na arte non é doado, nin quizais sexa lícito, afastar as tempadas unhas das outras, con cortes ou sulcos, cando é ben sabido que as escolas e modas se interfíren mutualmente, polo menos en intres tanxenciais, ao xeito que acontece cos mudamentos progresivos da flora e fauna nunha terra de chan ascendente. (Álvarez Blázquez 1959: 7)

Non obstante, consciente das dificultades, da ausencia de marcas canónicas ou tan sequera de sinais que iluminen o traxecto, Xosé María Álvarez Blázquez participáanos tamén, con humildade que:

Recollendo con teimosa unción cando aínda é posíbel recuperar nas areas do ignorado, desde a lamentosa morte de Macías ao amencer inaugural de Pastor Díaz, enchemos este tomo de poesía galega escrita. Máis que unha escolma, no senso selectivo que unha colleita ricaz imporía, é un corpus poético de varios séculos, sen pretensións exhaustivas, pero froito, si, de demoradas esculcas e dedicacións. (Álvarez Blázquez 1959: 8)

Dito ás claras: o produto do traballo do erudito paciente, desde logo; o resultado do esforzo do filólogo –de filólogo afeccionado, haberá quen retruque: pois que xeito tan profesional de levar a cabo unha afección!, habería que lle responder decontado–, en fin, traballo arreo, arreo traballo.

Coido que se queremos efectuar, ou continuar efectuando, unha efectiva homenaxe ao quefacer investigativo de D. Xosé María, é tempo de retomarmos o labor dese tomo II da *Escolma de Poesía Galega* e, partindo do moito que alí temos, tentar, se tal é posíbel, ir máis adiante aínda. Emprazo –e emprázome a min mesmo, na medidas das miñas posibilidades– a todos os que si teñen os medios, a vocación, o coñecemento precisos

para tan importante, como necesario, labor. Sen dúbida que, dalgunha maneira, Xosé María Álvarez Blázquez agradecerá semellante teima.

En fin; o dito para os tres volumes brevemente comentados tería que prolongarse, desde logo, noutras moitas achegas. Desde elas, Xosé María Álvarez Blázquez deseña a súa imaxe de investigador, pero tamén de canonizador da historia da nosa literatura.

Rigor, preocupación por estar sempre ao día, afán intenso por coñecer... pero tamén bo gusto, celme de poeta, amor polo seu, amor a Galiza... tales foron as calidades que o acompañaron. Ben está que hoxe, neste Congreso organizado pola institución da que foi membro, e membro activo, lle ofertemos a X. M.<sup>a</sup> Álvarez Blázquez unha máis que merecida homenaxe; unha estima na cal, co seu beneplácito, quixen, da miña parte, achegar tamén as breves palabras que viñen pronunciado e que agora chegan ao seu necesario final.

Moitas grazas.

## BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez Blázquez, Xosé María (1959): *Escolma de Poesía Galega. Do s. XIV ó s. XIX*. Vigo: Galaxia.  
Álvarez Blázquez, Xosé María (1998): *Martín Codax cantor do mar de Vigo*. Vigo: Xerais. (Ed. X. R. Pena).  
Cabana, Darío Xohán (2008): *Xosé María Álvarez Blázquez. Vida e obra*. Vigo: Xerais.